

A CRISE DA CIVILIZACIÓN LABREGA

Sistema escolar e despoboación no mundo rural galego*

Julia VARELA
Universidade COMPLUTENSE DE MADRID

RESUMO: Galicia tivo durante moitos anos altos índices de poboación activa no mundo rural. Na actualidade, o envellecemento da poboación e o descenso da natalidade poñen de manifesto que estamos asistindo a unha grave crise da civilización labrega. Un dos moitos factores que contribuíron a esta crise foi o abandono das escolas rurais, a súa substitución polos grupos escolares das vilas e, en xeral, o pobre nivel de escolarización dos labregos durante o franquismo. Esta situación esixe unha urxente planificación do territorio, unha maior sensibilidade social da escola democrática, unha mellor cualificación profesional dos que opten por vivir nas zonas rurais, e tamén equipos e centros universitarios de investigación e iniciativas empresariais que axuden a poñer en marcha alternativas imaxinativas a prol dunha agricultura galega de calidade.

PALABRAS CLAVE: Civilización labrega, escolarización, modernización, dominación simbólica, agricultura de calidade, capitalismo, democracia.

ABSTRACT: For many years the rural areas of Galicia counted large numbers of people in the active labour force. At the present time, the aging population and the drop in the birth rate have shed light on the serious crisis affecting rural civilisation. One of the many factors that has contributed to this crisis was the closing of the rural schools, which were replaced by educational centres in the towns and cities and, in general, the poor school attendance of the children of farm workers during Franco's regime. This situation requires that urgent attention be paid to town planning in addition to increasing social awareness as regards democratic education. Also needed is to improve the qualifications of professionals who choose to live in rural areas as well as to promote research teams and University centres and business initiatives that will help implement creative alternatives for the children of a quality agricultural world.

KEY WORDS: Rural civilisation, schooling, modernisation, symbolic control, quality agriculture, capitalism, democracy

Os estudos de socioloxía máis interesantes adoitan ser, ao meu xuízo, aqueles nos que se analizan as transformacións que se producen na organización do tempo e do espazo para entender os cambios que acontecen nas sociedades. Vou, polo tanto, servirme da concepción do tempo e do espazo, e das relacións de poder que artellaban a civilización labrega para caracterizala. Para acercarme a esa civilización labrega que aínda existía na postguerra nos pobos do interior de Galicia, e máis de perto na zona de Chantada, tomarei como referente

principal o meu libro *A Ulfe*. *A Ulfe* é un libro baseado en entrevistas en profundidade realizadas a homes e mulleres do concello de Chantada, de catro xeracións diferentes, que naceron e viviron no mundo rural. A través das súas voces, da súa forma de narrar, e das súas historias de vida, pódese un decatar como foi, a partir da Guerra civil española, a civilización labrega, e observar o seu proceso de transformación e crise¹.

O mundo de onte

A concepción que tiñan os labregos do tempo era moi diferente da nosa, das sociedades nas que predomina o urbano sobre o rural. Como moi ben dí Andrés, un dos entrevistados no meu libro, *daquelas non era coma hoxe, estaba o reló parado*. O tempo concebíase dun xeito cíclico baseado no transcurso das estacións, nun ritmo repetitivo marcado polos moitos traballos que había que facer ao longo do ano, polas festas e feiras... Os labregos e labregas eran verdadeiros artesáns e artistas que facían innumerables tarefas, desde amasar o pan, tecer, facer viño, ata remendar unha pota, ou facer queixo e manteiga, por poñer só algúns exemplos. Pódese dicir que fronte aos seres especializados nos que nos imos convirtendo cada vez máis, que só sabemos facer unha cousa e, en concecuencia, non moi ben, eran seres universais, con múltiples capacidades e coñecementos. Por outra banda ese traballo era un traballo moi duro. Soledad recorda: *xogábamos e brincábamos e contábamonos as cousas unhas ás outras e enchíamonos de rir. E despois tiñamos que ir a traballar. Traballando toda a vida! Traballábamos tanto que non sei como estamos vivos!* E Camila tamén o subliña cando di: *daquelas non había máquinas, todo o facíamos nós a mao, sachar, segar, ir aos toxos, estender o esterco nos eidos, cuidar a ribeira... Todo o vrao era de moito traballo pois estaba a sega do pan, a sega da herba..., no inverno pasábase millor, había menos faena, estábase máis na casa, pese a que sempre había que facer, coller ferraia pro ganado, munxir as vacas, cebar os marraos, atender as pitas, preparar o liño, fialo, tecelo, e tamén a lá...* No traballo participaban nenos, mulleres e homes, e moitas veces tamén familiares e vecinos que axudaban na matanza, na sega, na vendima, na esfolia do millo.

*Neste texto retomo, en termos xerais, unha parte da miña intervención sobre "A despoboación da montaña galega: causas e consecuencias", que tivo lugar no *IV Curso de Conservación de recursos naturais no Caurel. Unha aproximación multidisciplinar ao estudo do extremo occidental da cordillera cantábrica*, dirixido por Javier Guitián en Seoane do Caurel, do 11 ao 15 de xullo, 2005.

¹ Cfr. Julia Varela, *A Ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004.

O espazo era un espazo moi preciso e minuciosamente coñecido, xa que daquela íase a moitos sitios andando, e no camiño encontrábase a outra xente e falábase con ela, ao tempo que se observaba o que pasaba arredor. Do mesmo xeito que na concepción do tempo xogaba un papel central o traballo, na concepción do espazo xogaba un papel central a casa, que constituía o eixe da socialidade, unha socialidade moi densa, na que o nós dominaba sobre o eu. Cada casa tiña a súa identidade propia, o seu nome polo que eran nomeados e recoñecidos todos os seus membros. Todos os veciños se coñecían polos alcumes e apelidos. Moitos dos estudosos da vida labrega sinalan que os labregos teñen unha memoria prodixiosa polo que se refire ás súas experiencias, unha memoria que se alimenta da densidade e da riqueza da súa vida social, unha memoria que se insire nunha concepción do espazo específica e que funciona a partir de círculos concéntricos que van desde o máis preto ao máis lonxe, desde o local ao xeral, do pobo á vila, á capital, a Europa, a América, que abrangue os presentes e os ausentes, os vivos e os mortos, formando unha complexa trama que engloba a todos e cada un nas relacións cos demais. E é precisamente esta densidade de relacións a que artella unha memoria en rede que permite integrar os elementos novos, descoñecidos, unha memoria que se está a recrear continuamente a través dos innumerables encontros, dos contos, da transmisión de coñecementos, é dicir, botando man permanentemente dunha rica, complexa e elaborada tradición oral. Esa concepción minuciosa e precisa do espazo físico e social non é non obstante tan pechada como poidera parecer, pois a emigración desde o século dezanove fixo que América estivese presente no imaxinario social. En todos estes pobos vivía alguén que emigrara a Cuba, a Arxentina, ou a Venezuela máis tarde, e xa nos anos sesenta e oitenta a Suíza, Alemaña, Francia, Bélxica, Inglaterra..., de modo que sempre había algún veciño que falaba das experiencias vividas neses países.

Estas categorías espacio-temporais de coñecemento son a base dunha concepción do mundo e da vida específica, dunha cosmovisión e dun tipo de racionalidade e de pensamento distante do pensamento técnico-científico e da lóxica académica, ao que se adoita denominar *máxico-mítico*. Xeralmente contraponse o pensamento máxico-mítico e o pensamento técnico-científico. E se ben algúns aínda seguen hoxe empeñados en considerar, presos dunha concepción lineal do “progreso”, o pensamento máxico-mítico como máis atrasado e irracional, os conceptos atrasado e adiantado non serven para unha análise sociolóxica, xa que non serven para comprender que son dous xeitos diferentes de estar e de ver o mundo, cada un coas súas dimensións positivas e negativas.

Pero ademais, as relacións sociais, a dinámica social, están tamén marcadas polo sistema das relacións de poder, unhas relacións que non só se manifestan respecto ás autoridades “oficiais”, senón tamén entre veciños, uns máis ricos ca outros, entre homes e mulleres e entre adultos e nenos. Pódese dicir, dun modo moi breve, que un dos trazos importantes desta civilización labrega que se manifesta en moitas ocasións é unha tendencia á dominación masculina. Segundo Norbert Elias a dominación masculina móstrase especialmente naquelas sociedades nas que ten unha especial relevancia a forza física, sociedades nas que os homes adoitan gozar dun estatuto considerado superior. E sen dúbida esa forza é unha característica moi valorada nas zonas rurais, onde ás veces era necesaria, o que non significa que as mulleres non desenvolvesen tamén unha forza física notable e unha forte resistencia para o traballo.

Nas comunidades rurais existían relacións de poder disimétricas baseadas na riqueza material, e en diferenzas ideolóxicas. Pero se lles facemos caso aos entrevistados non era suficiente posuír máis riquezas materiais para ser aceptado como autoridade na comunidade, xa que para iso ademais había que ter calidades morais, unha certa ética persoal, e tamén capacidade de reflexión, de mediación e de negociación. Tamén a relación dos adultos e dos nenos era especial na medida en que aínda non se xeneralizara a idea, que xa era dominante na burguesía, de que os nenos son moi diferentes dos adultos, que teñen unha forma distinta de pensar, de sentir e de actuar.

Pódese dicir, pois, que estamos ante unha civilización cuxa maneira de percibir, de clasificar e de coñecer o mundo e, en consecuencia, de actuar, é moi diferente da que existía nas comunidades das vilas e das cidades, nos burgos da burguesía. Unha civilización cunhas características bastante semellantes á *episteme* renacentista, descrita por Michel Foucault no seu libro *Les mots et les choses*, na que dominaba unha forma de saber en que todo estaba ligado con todo: o ceo, a terra, os homes, as cousas, os vivos e os mortos². De aí a importancia que tiñan as estacións e as fases da lúa para facer moitas tarefas, o peso dos refráns, a forte presenza que tiñan os mortos na vida dos vivos... De todo elo se derivaba, polo xeral, un respecto pola xente e pola terra. Era un mundo en que as categorías do “natural” e do “sobrenatural” aínda estaban moi mesturadas, fronte ao que sucede en sociedades nas que domina unha racionalidade de tipo técnico-científico.

² Cfr. Michel Foucault, *Las palabras y las cosas. Una arqueología de las ciencias humanas*, México, Siglo XXI, 1968.

Escola e cambio social

Esta civilización, froito dunha riqueza construída colectivamente, cuxos trazos se foron constituíndo ao longo dos séculos, comezou a crebar coa introducción no mundo rural do que Max Weber chama o *espíritu do capitalismo*, coa búsqueda dun beneficio inmediato que cambiou a relación coa terra, cos seres humanos e co diñeiro, que pasaron así a se converter en mercadorías.

Os procesos que deron lugar á despoboación comezaron na España da postguerra co Plan de estabilización de 1959. E pouco despois cos chamados *Plans de desenvolvemento*, que non mostraron unha mínima sensibilidade cara os pequenos labregos, cuxa cultura se despreciaba por considerala atrasada e irracional. Pero será sobre todo a partir dos anos setenta, coa chamada “modernización”, cando eses procesos se intensificaron ata chegaren a esnaquizar de forma aparentemente irreversible a civilización dos pequenos propietarios rurais.

A despoboación está vencellada a diferentes procesos, algúns deles de carácter estrutural. A forte demografía na postguerra era dificilmente compatible coas formas que adoptaba naquel intre a propiedade da terra e coas formas de transmisión da herdanza, que se dividían e subdividían as terras en cada nova xeración. Tivo entón lugar —como xa se sinalou— unha forte emigración a partir dos anos sesenta. Pero tamén houbo outros factores moi importantes ligados a un proceso de individualización crecente e a un cambio de mentalidade, vencellado con ese individualismo e coa entrada no mundo rural dos medios de comunicación, que mostraban unha nova sociedade productivista e de consumo que facía especialmente atractivas as cidades para os xóvenes.

Voume deter agora un pouco máis noutro dos factores, relacionado cos anteriores, e que tamén contribuíu ao abandono do campo: os cambios producidos no modo de socialización dos rapaces e rapazas: o papel que xogou a escola en todos estes procesos de cambio social. Continúo así interesándome por esclarecer as funcións do sistema escolar en distintos períodos históricos, algo que veño facendo desde hai xa moitos anos.

Neste sentido vou botar man dalgunhas entrevistas, a modo de ilustración, contidas no libro da *Uffe*. Se comezamos polas daqueles que teñen máis idade, arredor de oitenta anos, encontramos que, por exemplo, Pedro dí que chegou a aprender as catro regras por casualidade, xa que tiña que traballar e axudar na casa, pois era o máis vello dos irmans, así que cando se poñía escola polas noites ás veces ía a ela. Tamén nos dí que cando il era pequeno algúns ían

aprender a leer e escribir a diferentes lugares, xa que nun pobo dos arredores había un cura e os que querían estudar ían alí, e tamén había outra xente que era algo estudada, que sabía as catro regras e poñía clase, e que despois tamén viñeron os mestres. Segundo Camila, *cando eramos nenos traballábase sempre, íbamos cos porcos ou coas vacas, por leña, por auga á fonte, xa que daquela a auga non estaba metida na casa... Cando eramos pequenos tiñamos unha maestra que non valía nada, e tiveramos outro maestro que chegaba e poñíase a dormir. A maestra poñíase a facer punto e non facía outra cousa, así que a ler e a escribir aprendimos malamente*³.

María, unha ducia de anos máis nova, cóntanos que foi á escola na Ulfe, que era unha escola mixta, na que había ás veces corenta nenos e nenas, uns de catorce anos e outros menores de seis. Ela mesma comezou a ir á escola aos tres anos, pois a súa nai debía traballar e non tiña con quen deixala. A María gustáballe moito a escola, se ben non ía todo o que quería, ao ter que coidar un tío velliño. E aínda que tiña facultades para estudar, e a mestra quería que seguise estudando, non a deixaron na casa. Tamén dí que *antes os nenos non era coma hoxe, pódese dicir que non eran nenos, axudaban na casa desde pequenos. Cando eu era pequena non había Reises*.

Para caracterizar as xeracións un pouco máis novas, que xa ían máis á escola, recorreremos ao testemuño de Rosa: *Eu fun á escuela na Ulfe toda a vida. Aquela escuela cando eu iba ela era fantástica. Éramos unhas trinta ou cuarenta rapaces... Acórdome dunhas libros fantásticos, que aínda andarán por alí, de historia de España, que era a cousa que máis me gustaba. Porque entón tiñamos a Dalmau, que era unha enciclopedia normal, grande, con todo, matemáticas, linguaxe, aritmética, gramática... Os nenos, hoxe por hoxe, a inmensa maioría, primeiro asórbennos os libros moito, fan moitos exercicios, moitas cousas, e tardan moito tempo en desprazarse. Non é o mesmo que cando o profesor viña ó pueblo, e alí os nenos cuidaban as galiñas, traían auga, collían castañas, íban axudar a recoller as patacas... Formaban parte da vida da familia e dos traballos no momento en que se podía. Eu teño pa min que eso era tan creativo como o que fan hoxe. E notábase!. Oes, axudabas un poquito e era un estímulo, non sei, collías unha ilusión: voume levantar cedo que vou coller castañas, ou ó salir da escola vou ás mazás, ou vou comendo a merenda e vou polas vacas. Agora é ó revés: os nenos cando*

³ Sobre as escolas rurais e a escolarización dos nenos rurais cfr. Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2001.

veñen, chegan agotados. Vanse de noite e regresan ás súas casas de noite. Eu creo que este sistema inda fomentou a golfería, aparte do desarraigo, entre a xente xoven.

Segundo Pepe, a maestra tratábanos como nos tiña que tratar, dábanos caña. Nós eramos unhos revoltosos da leche, eramos unhos trinta polo menos... Pero gracias a eso sabemos ler e escribir e facer contas. Eramos trastes de todo... Eu iba de boa gana a escuela pois polo menos librábame de facer outras cousas. Antes de ir á escuela, por exemplo, na primavera, que había que sachar as patatas, xa deixabas o choio feito. E despois ibas á escuela a dormir... Os nenos axudaban seguido a todo.

*A estas voces súmanse as da xeración máis nova, que foron xa á escola da vila. Camilo, por exemplo, afirma: *Vir pra Chantada pra nós, prós chavales, era un pouco fuerte, pero había que se adaptar. Á xente rural tíñannos coma si fóramos de segundo grado. Parece que estabas un escaño máis abaixo cós de Chantada. Eso sempre pasou cos rapaces de Chantada. Cos maestros non tanto, penso (...). A mín non me gustaba moito estudar, e ademais, despois do fracaso do meu irmau, eu non quixen seguir estudiando**⁴.

Ao cambio xeral contribuíu, polo tanto, o cambio acontecido no ámbito da educación escolar e viceversa. No ámbito da educación a transformación principal foi o paso das escolas mixtas, inseridas no medio rural, aos centros escolares construídos nas vilas, promovidos pola concentración escolar. Deste xeito os nenos e nenas dos pobos pequenos entraron en contacto cun mundo urbano no que tiveron que aprender a moverse. E aínda que a escola mixta non era a súa escola, e a moitos deles non lles interesou, pois era allea ás súas preocupacións e intereses inmediatos, era unha escola máis próxima que non os sacaba do seu entorno, unha escola que logrou atraer a algúns deles malia estar distante da súa cultura. Pódese dicir que a concentración escolar contribuíu aínda máis a desarraigar as novas xeracións de adolescentes que vivían no mundo rural a partir dos anos setenta, xa que na maioría dos casos non contribuíu a ofrecerlles medios de inserción social. Os nenos rurais sentíanse como se fosen de segunda clase, como eles mesmos din, sentíanse rexeitados polos nenos da burguesía das vilas pola súa forma de falar, de vestir, de moverse... De aí que moitos deles “fracasasen” e non quixesen seguir no ensino secundario, un fracaso que resultaba funcional ás políticas oficiais.

Como estamos vendo, o sistema escolar, tanto o das escolas mixtas dos pobos pequenos como o que se desenvolveu nos centros escolares das vilas durante o franquismo, foi incapaz de

⁴ Cfr. Julia Varela, *A Ulfe op. cit.* pp. 203 e 250.

procurar aos nenos e nenas que vivían no mundo rural unha formación de calidade, unha formación propia dunha escola democrática e republicana, e esa falta de formación foi, moi posiblemente, un dos principais factores que explica que moitos labregos non creasen e mantivesen con éxito cooperativas, pequenas industrias de produción e transformación. O sistema escolar non era entón percibido polas clases populares labregas como un medio de promoción social, fronte ao que pasou anos despois, cando unha vez instalados nas vilas e cidades os seus fillos tiveron acceso aos estudos universitarios. Pero daquela xa a formación universitaria perdera en boa medida a forza que tivo nos anos sesenta e setenta como vía de mobilidade social.

A urbanización do mundo rural

A dialéctica mundo rural/mundo urbano reenvía á división do traballo, á división entre traballo manual e traballo intelectual, reenvía tamén á división entre o mundo material da “natureza” e o mundo dos poderes simbólicos, pois é sobre todo nas vilas e nas cidades onde se xuntan maxisterios e ministerios: igrexa, administración, poder político, xustiza, universidades, bancos... Convén subliñar que unha boa parte de axentes sociais letrados, alén da mestra e o cura, que tiveron especial influencia no mundo rural durante as décadas dos anos sesenta, setenta e oitenta, tales como os enxeñeiros agrónomos, os veterinarios, os funcionarios da extensión agraria, os encargados da repoboación forestal, e outros, non axudaron a fixar a poboación no mundo rural, nin a que se valorase a súa cultura e as súas formas de vida, senón que máis ben contribuíron, malia as súas boas intencións en moitos casos, a descualificar os seus saberes e as súas prácticas. Como moi ben sinala Pepito, *sabíamos facer de todo pero chamábanos atrasados*. Eses axentes converteronse en axentes da dominación simbólica dos labregos, un proceso semellante ao que mostrou, no caso francés, Claude Grignon. Grignon sostén a tese do uso diferenciado da escola no mundo rural polas distintas clases dominantes. Mentres que para a Igrexa e para os grandes propietarios agrícolas, é dicir, para as vellas fraccións que exercen tradicionalmente o poder no mundo rural, trátase de *conservar* tanto cualitativa como quantitativamente a un campesiñado sometido á súa influencia, para outras fraccións da burguesía e da pequena burguesía urbana, tales como os agrónomos, os funcionarios, os

profesores e os políticos próximos ás novas clases medias, trátase de *transformar* o campesiñado en función dos seus proxectos modernizadores⁵.

Sen dúbida as políticas de desenvolvemento e a “modernización” constituíron o marco que axuda a comprender estes cambios, un desenvolvemento que esixía que a explotación familiar de subsistencia fose remprazada por unha empresa familiar na que se aplicasen criterios de racionalización capitalista do traballo co fin de obter a máxima rentabilidade. Unha lóxica económica dificilmente aplicable nun sistema de propiedade rural minifundista coma o galego. O terceiro plan de desenvolvemento di explicitamente que é imprescindible a creación de formas de vida urbana nos núcleos rurais (novos servizos, concentración escolar, cursos e actividades sociais...). Non só os políticos, tamén a prensa, mesmo nos tempos da democracia, seguía dicindo que era necesario que diminuíse a poboación rural, e segundo a Xunta *sobran* centos de miles de labregos en Galicia. Estas manifestacións tiñan lugar nun momento en que o traballo asalariado entrara en crise e xa empezaba a escasear o traballo protexido, defendido a través dos convenios colectivos e das organizacións sindicais nas cidades, é dicir, nun momento en que comezaba a estenderse con forza o traballo precario e se falaba sen vergoña da necesidade de aceptar o “paro estrutural”. O campo galego entrou así nun profundo abandono ao ser obxecto de políticas agrarias erráticas impostas desde arriba, que aínda *continúan* hoxe, e que obrigaron aos labregos a endebedarse coa compra de nova maquinaria, alén de vérense sometidos a unha tensión derivada dun mercado internacional de corte cada vez máis neoliberal. As “vacas tolas” constituíron un golpe moi forte para aqueles que apostaron pola produción de carne, e as cotas da leite primaron as “grandes” explotacións en prexuízo das pequenas.

O proceso de desintegración do espazo rural púxose ben de manifesto no acelerado incremento do índice de suicidios de labregos vellos que vían como inevitablemente se abandonaban casas que perviviran ás veces ao longo de séculos, xeración tras xeración. Os vellos laiábanse de non teren sabido ou podido transmitir ás novas xeracións o mundo herdado dos seus antergos. Ao se derrubar a casa os labregos quedaban sen espazo. Ao abandonar as hortas e o traballo da terra en beneficio das explotacións leiteiras perdían tamén a súa concepción do tempo *máxico-mítica*, e pasaban a seren controlados polo reloxo. O reloxo urbano entraba no campo cando a civilización labrega se desangraba. As vellas casas labregas de pedra e o contorno rural sufriron entón un proceso de degradación: cociñas esnaquizadas,

⁵ Cfr. Claude Grignon, “La enseñanza agrícola y la dominación simbólica del campesinado”, en VVAA, *Espacios de poder*, Madrid, Editorial La Piqueta, 1981, pp. 53-84.

chatarra tirada polas eiras, coches de segunda man abandonados... Os labregos cambiaban os vellos mobles, as mesas de madeira maciza e as tellas polos novos, e ás veces máis cómodos, obxectos de consumo, por brillantes mobles de formica e tellados de uralita. Moitas mulleres, pola súa banda, comezaron a traballar como asistentas nas vilas próximas. E os xóvenes, engaiolados polos coches, as máquinas tragaperras, as discotecas, a televisión e as luces da cidade déronlle as costas ao pasado. O consumo de drogas duras, que comezou causando estragos nos anos setenta entre os xóvenes da pequena burguesía das villas, estendíase agora aos do medio rural. A inseguridade e o imaxinario do medo, promovido tamén insistentemente pola televisión, entraba así nas aldeas substituíndo o medo real que antes se tiña á garda civil.

O proceso de urbanización, e o consiguiente proceso de desaparición do mundo rural, non é un fenómeno exclusivo de Galicia, responde, en realidade, a unha dinámica social que afectou en distintos momentos a diferentes países europeos. A caída da poboación activa no sector primario e na industria e o crecemento no sector servizos caracteriza o desenvolvemento capitalista na España dos últimos coarenta anos. Nos últimos dez estamos asistindo á entrada dun continxente importante de emigrantes procedentes sobre todo da América latina e de Marrocos. Países como Francia sufriron uns cambios parecidos con anterioridade a España. Pero en Francia potenciouse un forte cooperativismo nas zonas rurais, por exemplo, na Bretaña, mentres que en Galicia a sangría das zonas rurais foi favorecida pola propia administración política da dictadura de Franco, que sostiña unha concepción tecnocrática do desenvolvemento, e tamén, como xa sinalamos, pola falta de formación escolar dos labregos, que os incapacitou para se adaptaren a un mundo de cambio social acelerado que respondía a outras regras de xogo.

En Galicia o envellecemento da poboación rural vai acompañado dunha forte caída da natalidade. A proposta de urbanización do mundo rural parece ser hoxe o lema que serve de consenso ás diferentes forzas políticas para facer fronte á situación que atravesamos o mundo labrego. O turismo rural, as casas rurais, o chamado *senderismo*, os museos de tipo antropoloxico, son algunhas das alternativas que se barallan para fixar a poboación no campo. En Inglaterra parece que se realizou con certo éxito a rehabilitación de aldeas abandonadas para convertilas en residencias dunha terceira idade con medios. E non falta quen pensa que esa rehabilitación das aldeas valeiras sería outra forma de potenciar o turismo rural en Galicia. Algúns ecoloxistas seguen aínda moi preocupados coa sorte que poden correr os buitres leonados e outras especies en perigo de extinción, sen se decatarse de que esa sorte está vencellada

a que non se abandone o campo nin se cultive utilizando herbicidas e pesticidas, é dicir, a que se sigan a aplicar criterios economicitas propios dun capitalismo salvaxe.

Reflexions finais

¿Poideron as escolas unitarias, as escolas mixtas, e as concentracións escolares ter contribuído a abrir un escenario distinto para os xóvenes de ambos sexos do mundo rural? Sen dúbida. Non obstante, se se exceptúa o compromiso moral dalgúns mestres e mestras extraordinarias, durante o franquismo, e mesmo máis tarde na democracia, a súa sensibilidade social non estaba moi estendida. As pedagogías lexitimistas, impostas pola forza da lei, non deixaban espazo para o desvelamento das desigualdades sociais e para a promoción da igualdade. Pola súa banda, a LOXSE, que desde a victoria do PSOE nas eleccións de 1982 foi percibida por moitos como unha panca de cambio democrático na escola, introduciu as pedagogías relativistas, mais fortemente impregnadas de valoracións psicolóxicas, o que constituíu un atranco para a elaboración de proxectos pedagóxicos progresistas⁶. Impuxóse así no ámbito educativo unha lóxica de funcionamento que impediu que os fillos e fillas dos labregos sintiran a escola coma súa.

Na actualidade, e malia a incorporación dos labregos á seguridade social polo goberno do PSOE, a despoboación é un feito, así como o rexeitamento por parte da maioría dos xóvenes fillos de labregos a se incorporaren ao mundo rural. Non se realiza polo tanto un relevo xeracional. Sen embargo o sistema educativo podería e debería ser, como corresponde a unha sociedade democrática, unha instancia fundamental para formar as novas xeracións que queiran vivir no campo. As pequenas explotacións deberían poder coexistir con outras máis grandes. Galicia aínda presenta unhas condicións óptimas para a produción de alimentos de calidade que redes de distribución e cooperativas de produción e de consumo deberían promover. Aínda é posible, vencendo os inevitables atrancos, recorrer a concentracións parcelarias que permitan recuperar e manter a rica diversidade de árbores froitais e as sementes autóctonas. Neste sentido a política agrícola da Xunta semella ter perdido un tempo precioso dedicado ao estudo de castañas e outras froitas tranxénicas. A extensión agraria ten moito traballo por diante,

⁶ Procurei obxectivar o forte pulo das pedagogías psicolóxicas, así como a vinculación da LOXSE coas novas clases medias, nalgúns dos meus traballos. Cfr. Julia Varela, "El triunfo de las pedagogías psicológicas", *Cuadernos de pedagogía*, nº 198, 1991, texto recollido por Tomaz Tadeu da Silva (Ed), *Las pedagogías psicológicas y el gobierno del yo en tiempos neoliberales*, Morón (Sevilla), Cooperación Educativa Kikiriki, 2002, pp. 75-83. Pódese ver tamén Julia Varela, "Una reforma educativa para las nuevas clases medias", *Archipiélago*, nº 6, 1991, pp. 65-72.

non só acostumarse a escoitar e aprender dos vellos labregos moitas cousas importantes que están a punto de perderse, senón tamén a telos en conta e permitirlles participar nos cambios, algo que esixe a democracia.

É posible promover unha alimentación “natural” dos animais e a creación de granxas de calidade, o que sen dúbida non só pode contribuír ao turismo rural senón tamén ao urbano. Pero isto non se pode facer a través dun control exhaustivo, aparentemente guiado por unha lóxica racional, cando de feito as axudas unicamente chegan ás grandes explotacións e cando a denominación de orixe da *ternera galega* adxudícase case en exclusiva a Coren e outras grandes empresas, mentres se trata de afogar os pequenos propietarios que manteñen unhas poucas cabezas de gando⁷. Sería factible crear unha cadea de distribución de produtos de calidade con denominación de orixe, e favorecer os mercados locais e as feiras onde tamén terían saída estes produtos orgánicos, ecolóxicos, boicoteados moitas veces polos intermedarios e polas grandes superficies. Galicia non ten porqué seguir inexorablemente os pasos dun capitalismo incontrolado, cuxos efectos negativos xa se están a ver noutros países veciños: contaminación das augas e das terras, envenenamiento da fauna, desaparición de moitas especies, explotación intensiva da terra... Debería poñerse en marcha unha planificación integral e integrada do territorio, rural e urbano, na que traballen especialistas de diferentes campos, e consensuada coa poboación afectada, unha planificación que permitise a coexistencia de distintas formas de economía, de distintas formas de cultura e de vida, pois na supervivencia desa diversidade radica a nosa riqueza material e simbólica.

Para esta tarefa de dinamización do mundo rural, respectuosa cun desenvolvemento sostible, necesítanse xóvenes emprendedores con formación escolar, con cualificación profesional, técnicos de grao medio, diplomados, licenciados, investigadores, enxeñeiros agrónomos que saiban conxuntar tradición e innovación, e a elo pode e debe contribuír o sistema público de ensino. Nunha sociedade democrática o ensino, a instrución, os coñecementos, son instrumentos necesarios para a formación da cidadanía, dunha cidadanía democrática. Michel Serres escribiu xa fai anos que a desaparición dos labregos, dos campesiños, era un dos acontecementos máis importantes do século vinte, cuxas consecuencias tiñan que ser

⁷ O mesmo pasa coa mar, que tamén está nas mans de grandes empresas, véxase senón a concesión da Xunta no derradeiro consello do goberno do PP a Pescanova para a acuicultura. Semella que non hai modo de repartir a riqueza, que deste xeito se acumula cada vez máis en poucas mans, ao que contribúe un tipo de mercado que paradoxicamente se denomina “libre mercado”.

analizadas en profundidade. Aínda a súa proposta sigue vixente. E canto antes fagamos fronte a este reto, un reto vital para Galicia, máis claras expectativas se abrirán para o presente e para o futuro.